



MOCIÓN SOBRE A REVOCACIÓN DA ESIXENCIA DE PAGAMENTO DE ARRANXO DE BEIRARRÚAS ÁS COMUNIDADES DE VECIÑOS

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñeciamos unha sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago que anula un decreto do concelleiro delegado de Convivencia, no que se lle esixía a unha comunidade de propietarios o arranxo do tramo de beirarrúa correspondente á pasaxe ao garaxe do edificio.


Neste sentido, cómpre lembrar a advertencia exposta no seu día polo Grupo Municipal Popular de que non se lle pode esixir ás comunidades de propietarios o referido arranxo das beirarrúas, entre outros motivos, porque non resulta posible realizar unha clara e exclusiva imputación obxectiva do dano.

O criterio do Grupo Popular explica que o previsto na correspondente Ordenanza Municipal, cando menos desde 1998, ou incluso noutras normas, non fora de aplicación a estes supostos.

Sucedede que entre a previsión incluída nunha norma e a súa aplicación debe mediar un proceso interpretativo, que é o que explica que con anterioridade, non se formulara esta esixencia. Foi o novo Goberno municipal o que propiciou o inxusto cambio de criterio do Concello na aplicación da norma.

O certo é que a referida sentenza anula a esixencia dirixida a unha concreta comunidade de veciños, pero o certo tamén é que foron varias as comunidades requiridas de maneira inxusta. Comunidades do Ensanche, pero tamén doutras zonas, como, por exemplo, Pontepedriña ou Salgueiriños.

Algunhas destas comunidades seguen sometidas ao requirimento para que reparen as beirarrúas e á advertencia dunha execución subsidiaria; algunha outra xa executou, a cargo dos propios veciños, obras de reparación do dominio público; e tanto as que xa executaron e pagaron o arranxo como as que aínda están sometidas ao requirimento viron como outros tramos de beirarrúa coincidentes con entradas e saídas doutros garaxes foron arranxadas con cargo ao orzamento municipal e no marco dun contrato "para a reparación dos pavimentos peonís" tramitado no verán, e sen que afortunadamente conste tal actuación como unha execución subsidiaria. Isto é: a inxustiza é diversa. Non só se actuou excedendo a lóxica normativa, senón que as inxustizas esixencias de reparación se están a dirixir a unhas determinadas comunidades.




Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular propón para o seu debate e consideración no Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello insta ao Goberno municipal a estudar a viabilidade xurídica e, no seu caso, a tramitar con carácter inmediato a revogación dos actos administrativos de esixencia ás comunidades de propietarios do arranxo das beirarrúas, coa devolución tamén das cantidades que correspondan, así como a reparar e manter con dilixencia, e con cargo ao orzamento do Concello, os pavimentos peonís nos espazos públicos de titularidade municipal.

Santiago a 10 de xaneiro de 2017



Alejandro S Brunete
Concelleiro do Grupo Municipal Popular